

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 20 DE DECEMBRO DE 2018

Acórdase por asentimento¹:

1. Aprobar as actas das reunións ordinaria do día 9 de xullo de 2018 e extraordinarias do día 11 de xullo e 14 de decembro de 2018.
2. Abrir un prazo ata o día 15 de febreiro de 2019 para a presentación de propostas articuladas e motivadas de modificación do Regulamento para elaborar o Traxecto de fin de grao en Dereito e/ou do Regulamento para realizar o Traxecto de fin de mestrado da Facultade de Dereito para a súa toma en consideración pola Xunta da Facultade.
3. Informar favorablemente as solicitudes sobre a actividade docente para o recoñecemento de quinquenios presentadas polo profesorado.
4. A renovación da Comisión Permanente, da Comisión de Recoñecementos e Validacións e da Comisión de Calidade.
5. A seguinte delegación de competencias na Comisión Permanente:
 - a) As solicitudes de informes sobre avaliación da actividade docente para o recoñecemento de quinquenios.
 - b) A avaliación e, no seu caso, a inclusión na programación de extensión universitaria do centro das solicitudes que se presenten á convocatoria de axudas para actividades extraacadémicas e de difusión cultural para o ano 2019.
 - c) A aprobación do Informe de Revisión do Sistema pola dirección correspondente ao curso académico 2017-2018.
 - d) A aprobación da memoria económica do orzamento da Facultade correspondente ao exercicio 2018.
 - e) O reparto das contías asignadas ás áreas xurídicas na partida orzamentaria de mobiliario e equipamento.
 - f) A aprobación dunha táboa de recoñecementos para facilitar a mobilidade do estudiantado nas Facultades de Dereito do Sistema Universitario de Galicia, elaborada coa colaboración das áreas, validada pola Comisión de Recoñecementos e Validacións da Facultade e consensuada na Comisión interuniversitaria para a revisión do Grao en Dereito nas Universidades do Sistema Universitario de Galicia.

Decanato Ourense, 21 de decembro de 2018
Facultade de Dereito
Universidade de Vigo
Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 20 de decembro de 2018, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 21 de decembro de 2018.

Concepción Martínez Martínez
Secretaría da Facultade de Dereito

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.